

ORDE do [24 de abril de 2017](#) pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2016/17.

Número e características dos premios

- Concédense un máximo de 20 premios extraordinarios.
- Tes que facer unha proba.
- Cada premio estará dotado con 1.000 €. Esta cantidade estará suxeita ás retencións que legalmente correspondan.
- Son compatibles con calquera outro premio, incluídos os premios nacionais de bacharelato.
- Recibirás, ademais da contía económica, un diploma acreditativo.
- Poderás concorrer, logo de inscrición, ao correspondente premio nacional.
- Exención, durante o primeiro ano e por unha soa vez, do pagamento dos prezos públicos por matrícula no primeiro curso dos estudos superiores nun centro público.

Requisitos:

Ter unha cualificación final media nos dous cursos de bacharelato igual ou superior a 8,75 puntos.

Prazo para facer a solicitude:

Un mes contado a partir do 4 de maio.

REALIZACIÓN DA PROBA PARA A OBTENCIÓN DO PREMIO

Deberás realizar unha proba que se estruturará en dúas partes:

Primeira parte, que se desenvolverá en dúas horas:

- Análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico ou literario.
- Resposta a cuestións de carácter cultural ou lingüístico sobre un texto na lingua estranxeira cursada como materia común de bacharelato. O exercicio realizarase sen dicionario no idioma correspondente.

Segunda parte, que se desenvolverá nunha hora:

- Desenvolvemento de temas, respostas a cuestións e/ou exercicios prácticos **dunha materia** propia da **modalidade** a elixir entre as seguintes: Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II, Latín II ou Fundamentos da Arte II.

Datas de realización das probas:

As probas realizaranse nos lugares e datas que se darán a coñecer mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web <https://www.edu.xunta.es/premiosbac>

Cualificación das probas:

- Os exercicios da proba cualificaranse entre 0 e 10 puntos cun decimal.
- A puntuación total será a suma de cada unha das cualificacións obtidas. Para aspirar ao premio extraordinario, deberás obter como mínimo cinco puntos en cada unha das materias da proba e 21 puntos ou máis na cualificación total.

Información:

Ademais da información recollida no *Diario Oficial de Galicia*, poderás informarte do proceso e facer consultas no portal educativo <https://www.edu.xunta.es>, na páxina de inicio da aplicación <https://www.edu.xunta.es/premiosbac>

*Tamén podes ver exames de anos anteriores.